

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 10/2019, DO 26 DE XUÑO, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON CARGO A PROXECTOS FINANCIADOS POLA XUNTA DE GALICIA

Na ORDE do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019 publicada no DOG número 21 do 30 de xaneiro de 2019, no seu artigo 14 establece:

Artigo 14. Libramento da subvención

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a entidade beneficiaria remita a seguinte documentación, na data límite do 20 de novembro no caso das universidades do SUG e do 30 de novembro no caso do resto das entidades, do exercicio correspondente á anualidade de que se trate.

A súa vez, no mesmo artigo 14 indica:

No caso dos custos de contratación de persoal investigador ou auxiliar, os pagamentos das nóminas e seguridade social dos meses de outubro e novembro de cada anualidade poderán presentarse como xustificantes para o cobramento da anualidade seguinte.

Isto implica polo tanto, aqueles grupos de investigación que contraten persoal con cargo ás axudas recibidas cunha duración superior ao 30 de setembro de cada anualidade, poderán xustificar as nóminas de outubro, novembro e decembro na anualidade seguinte.

Como ao realizar unha proposta de contratación de persoal é preciso reter o crédito, isto implica que o custe de persoal que vaia máis alá da anualidade restará crédito ao proxecto. Polo tanto, para evitar esta circunstancia, as persoas administradoras de cada ámbito poderán solicitar ao Servizo de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento un anticipo da anualidade seguinte do importe da seguridade social de outubro e o custe salarial total (nómina e seguridade social) de novembro e decembro.

Este anticipo poderá solicitarse con data límite o 30 de setembro de cada anualidade.

A/A ADMINISTRADORES DE ÁMBITO
A/A SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
A/A SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
A/A SERVIZO DE PDI
A/A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN